

SEXUALIDADE E SAÚDE: PROPOSTA DIDÁCTICA

Yolanda Rodríguez Castro
María Lameiras Fernández
M^a Victoria Carrera Fernández
Patricia Alonso Ruido

Rodríguez Castro, Yolanda

Sexualidade e saúde : proposta didáctica / Yolanda Rodríguez Castro, María Lameiras Fernández, María Victoria Carrera Fernández, Patricia Alonso Ruido

Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2014
178 p. ; 17x24 cm. – (Manuais da Universidade de Vigo ;61)

D.L. VG. 514-2014 — ISBN 978-84-8158-650-3

1. Sexualidad – Investigación 2. Identidad sexual 3. Rol según el sexo
I. Lameiras Fernández, María II. Carrera Fernández, María Victoria III Alonso Ruido, Patricia IV. Universidade de Vigo. Servizo de Publicacións, ed.

159.923.2

316.663

316.346.2

Edición:

Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo

Edificio da Biblioteca Central

Campus de Vigo

36310 Vigo

Telf.: 986 812 235

sep@uvigo.es

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2014

© Yolanda Rodríguez Castro, María Lameiras Fernández, María Victoria Carrera Fernández e Patricia Alonso Ruido

Revisores da tradución: Tania Santos Cerviño, Paula García Ferreiro, José Ramón López Barreira

Printed in Spain - Impreso en España

ISBN: 978-84-8158-650-3

D.L.: VG 514-2014

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Reservados todos los derechos. Ninguna parte de este libro puede reproducirse o transmitirse por ningún procedimiento electrónico o mecánico, incluidos fotocopia, grabación magnética o cualquier almacenamiento de información e sistema de recuperación, sin el permiso escrito del Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Índice

Prólogo	07
Capítulo 1. O estudo da sexualidade humana como disciplina científica: dende os albores do século XIX ata a revolución sexual	
1.1. Introducción-Resumo	13
1.2. Preguntas de autoavaliación	16
1.3. Actividades	22
1.4. Lecturas recomendadas	36
1.5. Documentais recomendados	41
1.6. Filmografía recomendada	49
Capítulo 2. Sexualidade e identidades: da heteronormatividade á transgresión	
2.1. Introducción-Resumo.....	59
2.2. Preguntas de autoavaliación	63
2.3. Actividades	69
2.4. Lecturas recomendadas	86
2.5. Documentais recomendados	93
2.6. Filmografía recomendada	99
Capítulo 3. Conduta sexual humana: dos praceres aos perigos	
3.1. Introducción-Resumo	109
3.2. Preguntas de autoavaliación	113
3.3. Actividades	118
3.4. Lecturas recomendadas	134
3.5. Documentais recomendados	140
3.6. Filmografía recomendada	147
Reflexión Final	157
Referencias bibliográficas	163

PRÓLOGO

Este manual nace como complemento didáctico ao libro *Sexualidade e Saúde: o estudo da sexualidade humana dende unha perspectiva de xénero* (Lameiras, Carrera & Rodríguez, 2013) posibilitando unha maior comprensión dos contidos abordados neste e contribuíndo especialmente á formación da dimensión sexuada do alumnado dende unha perspectiva integradora e socio-psico-biolóxica.

Así, este manual didáctico segue a mesma organización teórica do libro de *Sexualidade e Saúde*, distribuíndose en tres capítulos. No primeiro capítulo *O estudo da sexualidade humana como disciplina científica*: dende os albores do século XIX ata a revolución sexual, trabállanse contidos relativos á historia da ciencia sexual, dende os seus inicios en 1886 coa obra *Psychopathia sexualis* de Krafft-Ebing, ata a segunda metade do século XX. Afonda no movemento feminista e no homosexual, que puxeron de relevo os grandes nesgos que acompañaron o estudo da sexualidade dende os seus inicios ata os nosos días: o patolóxico, escurecendo e medicalizando «todo o sexual»; o nesgo sexista, aniquilando a dimensión sexual da muller, reducíndoa a nai e esposa, despoxándoa non só do seu dereito ao gozo sexual, senón fundamentalmente do seu dereito como ser independente e autónomo; e, para rematar, o nesgo heterosexista que patoloxizou e criminalizou a expresión da identidade sexual máis alá das ríxidas paredes da heterosexualidade hexemónica.

No segundo capítulo do manual *Sexualidade e identidades: da heteronormatividade á transgresión*, trabállanse aqueles conceptos relativos á identidade e á construción da identidade sexuada, prestando especial atención ás teorías que explican como se constrúe a nosa identidade den-

de diferentes perspectivas que incorporan o esencialismo ata o postestruturalismo, pasando polo construtivismo. Posteriormente, xa dende a perspectiva postestruturalista, concretamente dende a Teoría *Queer* (Butler, 1990, 1993), facemos unha análise da construción da identidade sexuada dende o modelo heteronormativo, ou como diría Sheyla Jeffreys (1996) dende o modelo heteropatriarcal, atendendo aos procesos de socialización diferencial e ás actitudes heterosexistas. Para rematar coa aproximación a outras identidades lexítimas, aquelas que, de diferentes formas e en diferentes graos, subverten os ríxidos modelos lineais de identidade heteronormativa que promove a sociedade occidental a través dos seus diferentes axentes de socialización; visualizando así outras formas de ser e de estar no mundo, máis alá das ríxidas caixas: home/masculino/heterosexual-muller/feminina/heterosexual; traballando tamén as actitudes de rexeitamento cara a estes colectivos en prol de promover actitudes de valoración positiva destas outras formas de ser persoa.

Finalmente, no terceiro capítulo *Conducta sexual humana: dos praceres aos perigos*, ao igual que no libro teórico, o interese pasa ao estudo dos praceres e os perigos derivados da sexualidade. Concretamente traballárase a expresión e vivencia da dimensión sexual humana atendendo tanto á reprodución coma ao pracer e á vinculación afectiva, así como á súa expresión nas diferentes etapas do ciclo vital, ou como en persoas con diversidade funcional. Para rematar, incorpórase a problemática derivada da sexualidade, atendendo fundamentalmente aos riscos derivados da práctica sexual desprotexida, así como a violencia sexual.

Cada un destes tres capítulos organízase en seis apartados: no primeiro apartado «introdución-resumo» lévase a cabo un breve resumo do capítulo correspondente para axudar ao alumnado a sintetizar e interiorizar os aspectos máis relevantes deste. No segundo apartado «preguntas de autoavaliación» incorpóranse trinta cuestións de autoavaliación relativas ao capítulo correspondente coas súas respectivas

solucións, favorecendo así que, de forma autónoma, o alumnado poida afondar naqueles aspectos clave da temática. No terceiro apartado «actividades» preséntanse trinta actividades relacionadas cos contidos máis significativos que se inclúen no manual teórico, favorecendo deste modo o repaso dos conceptos clave da materia, permitindo tamén a aprendizaxe de contidos de tipo procedemental e, especialmente, o desenvolvemento de actitudes positivas cara á sexualidade. A continuación, no cuarto apartado «lecturas recomendadas» propónse unha selección de lecturas complementarias co obxectivo de favorecer un maior nivel de reflexión e afondamento nos contidos de aprendizaxe, así como de estimular a curiosidade e o afán de coñecemento do alumnado. De forma complementaria, no quinto e sexto apartado «documentais e filmografía recomendada» preséntase e recoméndase o visionamento dunha serie de documentais e películas que axudarán ao alumnado a achegarse aos contidos da materia dun modo máis significativo, experiencial e vivencial, estimulando a súa capacidade crítica e empática. Os documentais recomendados pódense descargar do Edublog *Psicosexualidad Ourense*, administrado baixo a dirección das autoras, e pódese acceder a través da páxina web: <http://psicosexualidadourense.blogspot.com.es/>.

O edublog «Psicosexualidad Ourense» cumpre cunha tripla finalidade: i) favorecer o desenvolvemento da dimensión sexual das alumnas e dos alumnos que cursan a materia de Sexualidade e Saúde, recorrendo á incorporación de novas tecnoloxías en formato audiovisual; ii) fomentar a motivación do alumnado de cara á participación en experiencias de educación sexual, promovendo a interiorización de conceptos claves da materia e convertendo aos estudantes non só en protagonistas do seu propio proceso de aprendizaxe, senón tamén en axentes educativos para outras/os mozas/os; iii) transcender ás «fronteiras académicas» da universidade, facilitando a formación da dimensión sexual tanto dentro coma fóra das aulas universitarias. No edublog, os contidos están organizados en catro

categorías: a primeira denominada «Identidade» inclúe as seguintes áreas temáticas: identidade de xénero (sexismo, estereotipos de xénero, coeducación e igualdade de xénero), identidade sexual (homofobia, lesbofobia, transfobia), intersexualidade e imaxe corporal (trastornos da conduta alimentaria); a segunda categoría denominada «Conduitas» inclúe as áreas de comportamentos sexuais, afectividade, pracer e reprodución; a terceira categoría «Saúde Sexual» abrangue os métodos preventivos e anticonceptivos, os embarazos non desexados e as infeccións de transmisión sexual; e finalmente, a cuarta categoría «Violencia de Xénero e Sexual» aglutina, como o seu nome indica, a violencia contra as mulleres, a violencia nas relacións de parella das e dos adolescentes, a violencia sexual a menores e as agresións sexuais a mulleres. Cada área temática conta con material didáctico específico como programas, informes, artigos e documentais, para traballar tanto dentro coma fóra da aula.

En definitiva, este manual foi concibido como un recurso educativo que facilite a adquisición dos contidos clave da materia, así como o desenvolvemento de experiencias e procesos que contribúan á formación integral da dimensión sexual do alumnado. Constitúe, polo tanto, un interesante recurso para poñer en práctica unha experiencia de educación sexual integradora, vertebrada sobre unha concepción de educación como proceso de humanización que ten como eixes a utopía, a crítica da realidade existente e as propostas de alternativa a esta, no sentido freiriano da educación (Freire, 1967, 1970); e sobre un concepto de sexualidade como dimensión fundamental da persoa, inherente a ésta e da que non pode, polo tanto, ser despoxada, o que implica asumir necesariamente que a sexualidade é unha dimensión educable e polo tanto un valor que necesita ser promovido e cultivado dende os diferentes axentes educativos (Lameiras & Carrera, 2009).

CAPÍTULO 1

O estudo da sexualidade humana
como disciplina científica:
*dende os albores do século XIX
ata a revolución sexual*

1.1. Introducción-resumo

No primeiro capítulo do libro de *Sexualidade e Saúde, O estudo da sexualidade humana como disciplina científica: dende os albores do século XIX ata a revolución sexual*, abórdase a perspectiva histórica coa finalidade de comprender o progreso que seguiu o estudo científico da sexualidade dende os seus inicios ata os nosos días. Para iso levouse a cabo unha reconstrución diacrónica e conceptual no tempo para avaliar axeitadamente as contribucións e, do mesmo xeito, os propios nesgos que contaminaron un determinado ámbito de coñecemento, como é neste caso o estudo da sexualidade humana. O devandito esforzo permitiunos identificar os posibilitantes e condicionantes que caracterizaron o seu desenvolvemento e determinaron o ritmo particular da súa evolución, así como recompilar as principais contribucións ás que o devandito estudo deu lugar.

Os contidos abordados no primeiro capítulo organizáronse a través de tres amplos apartados, nos que se expoñen diacronicamente os acontecementos que entreteceron a emerxencia do estudo científico da sexualidade, que vai, de maneira discutible, da man dos avatares dos movementos sociais do feminismo e do activismo homosexual dende finais do século XIX, e que o seu legado, en forma de testemuña, recolle o século XXI.

No **primeiro apartado** «*O estudo da sexualidade humana: os inicios do seu estudo científico no século XIX*» situámonos no espazo temporal do século XIX no que nace o estudo científico da sexualidade. En primeiro lugar abordamos o gran nesgo que emerxe nos albores do século XIX dende o ámbito científico: a patoloxización e medicalización da sexualidade que dende entón ata hoxe sobredimensiona os aspectos negativos da sexualidade, reducíndoa ao coito e ás «avarías» dos órganos xenitais, obviando o seu carácter eminentemente positivo, identitario e relacional, nunha desafortunada unión da sexualidade coa enfermidade física, a loucura, a depravación e o crime. Tomando como punto de inflexión o primeiro

estudo sistemático sobre o tema da sexualidade humana, a obra *Psychopathia sexualis* de Krafft-Ebing, que sae ao prelo en 1886. Para iso analizamos os acontecementos sociopolíticos e económicos que precederon o xurdimento da denominada «ciencia sexual», constituíndo o seu axeitado caldo de cultivo, destacando o xurdimento da racionalidade que culmina no século XVIII coa Revolución Francesa.

Este primeiro apartado complétase coa abordaxe dos outros dous grandes nesgos que «contaminaron» o estudo científico da sexualidade humana: o sexismo e a homofobia. Así, en primeiro lugar faise referencia á xénese do nesgo sexista da ciencia sexual, que aniquilando a dimensión sexual da muller a reduciu a nai e esposa, despoxándoa non só do seu dereito ao gozo sexual, senón fundamentalmente do seu dereito como ser independente e autónomo. Este nesgo, evidenciado grazas ao movemento de mulleres, alcanza o seu apoxeo a finais do século XVIII e estoupa no XIX. Concretamente,ponse de relevo como dende a «primeira onda do feminismo» se articularon as actuacións en defensa do rol da muller, non só como suxeito social dende a loita sufraxista, senón tamén como suxeito sexuado con pleno dereito ao desenvolvemento dunha identidade sexual individual e única. Finalmente, para rematar este primeiro apartado detivémonos no nesgo homóforo, que xunto ao nesgo “sexista”, contaminou o estudo científico da sexualidade, analizando as achegas do activismo homosexual que permitiu visualizar, dignificar e posibilitar a expresión da sexualidade máis alá das ríxidas paredes da heterosexualidade hexemónica normativa, dando voz e espazo a outras formas lexítimas de ser e estar no mundo como suxeitos sexuados. En definitiva, neste subapartadoponse de relevo como o activismo feminista e a emerxencia dos movementos de liberación homosexual, despenalizados e lexitimados, representan os grandes movementos sociais que se confrontan coa visión hexemónica da realidade sexista, asimétrica e homofóbica das sociedades do século XIX, e que se instauran e sobreviven durante o século XX.

No **segundo apartado** o estudo da sexualidade humana esténdese dende finais do século XIX ata a Segunda Guerra Mundial (1939-1945), pola significación que esta tivo no devir do estudo científico da sexualidade. Aquí pónense de manifesto as principais achegas dos protagonistas do movemento sexolóxico en Europa (Sigmund Freud, Havelock Ellis, Iwan Bloch e Wilhem Reich), cuxas enriquecedoras contribucións permiten falar dunha auténtica «idade de ouro» no estudo da sexualidade, evidenciando tamén os grandes nesgos –*sexismo* e *homofobia*– que arrastra o estudo científico da sexualidade.

Así mesmo, seguindo o esquema do primeiro apartado, pónense tamén de manifesto os esforzos do movemento de mulleres e do activismo homosexual por superar os nesgos sexistas e homofóbicos, aínda imperantes na sociedade e na ciencia sexual das primeiras décadas do século XX. Préstase unha especial atención ás achegas de Margaret Sanger ao control da natalidade e de Magnus Hirschfeld á defensa da homosexualidade.

Para rematar, no **terceiro apartado** expónse o devir histórico da ciencia sexual dende a 2ª Guerra Mundial ata a década dos 70 do século XX. Seguindo a estrutura dos dous primeiros apartados expóñense, en primeiro lugar, as achegas da ciencia sexolóxica, no que o protagonismo se despraza de Europa a América do Norte. Continuando coas achegas do movemento feminista, articuladas no que se denominou a Segunda Onda Feminista, aquí é necesario destacar a extraordinaria obra de Simone de Beauvoir, que será retomada no segundo capítulo, ademais das achegas do movemento homosexual, que culminan coa eliminación da homosexualidade como patoloxía no manual diagnóstico da Asociación de Psiquiatría Americana na súa segunda edición de 1974. Ademais tamén marca esta nova década o inicio do movemento LGTB, siglas coas que recoñecemos o movemento de liberación das persoas homosexuais, transexuais e bisexuais. Así mesmo, neste terceiro apartado, incorpóranse tamén as achegas á ciencia sexual de Alfred Kinsey, por un lado, e de Wiliam Mas-

ter e Virginia Jhonson, por outro, no marco dos movementos homosexual e feminista respectivamente; poñéndose de relevo unha ciencia do «sexual» que empeza a distanciarse dos nesgos da homofobia e do sexismo.

1.2. PREGUNTAS DE AUTOAVALIACIÓN

1. En que consiste a Teoría da Dexeneración formulada por Bénédic Agustin Morel?

- a) Exponse que a persoa mala e a enferma coinciden, e a patoloxía sexual permanece como descendente da psiquiatría.
- b) Establece a vinculación entre sexualidade e psicopatoloxía.
- c) Ambas opcións son correctas.

2. Sobre que dous conceptos básicos se constrúe a psicanálise?

- a) Sexualidade e inconsciente.
- b) Elo e super eu.
- c) Conciencia e inconsciencia.

3. Cal era o pensamento da feminista Guillermine De Bohemia?

- a) A creación dunha igrexa de mulleres baseada na crenza de que a redención de Cristo non alcanzou a muller.
- b) Necesidade da educación sexual.
- c) A igualdade política e sexual da muller.

4. Que feminista exaltada polas ideas da Revolución Francesa publica o manifesto da *Declaración dos Dereitos da Muller e a Cidadanía (1789)*?

- a) Marie de Gournay.
- b) Olympe de Gouges.
- c) Mary Astell.

5. Albert Möll, que idea defendeu?

- a) A existencia da pulsión sexual na infancia.

- b) A abstinencia sexual dos pobres para frear o crecemento da poboación.
- c) A importancia dos efectos prazenteiros das perversións sexuais no seu mantemento, anticipándose á modificación da conduta.

6. Que aspectos criticou Emilia Pardo Bazán da ideoloxía da súa coetánea e mestra Concepción Arenal?

- a) O dereito de visualizar á muller no espazo público.
- b) O dereito da muller á educación académica.
- c) A defensa do rol de esposa e nai na vida das mulleres.

7. Que implicaron as revoltas e disturbios de «Stonewall» en 1969 para o movemento homosexual?

- a) O inicio da liberación homosexual.
- b) A «segunda onda» ou un renacemento para a liberación homosexual.
- c) Non supuxo ningún cambio significativo.

8. Como entendía Karl Heinrich Ulrichs a homosexualidade?

- a) Como unha variante da sexualidade e non como unha patoloxía.
- b) Cunha dobre etioloxía, conxénita versus adquirida.
- c) Como unha inversión sexual.

9. Margaret Sanger defendeu:

- a) A educación profesional para as mulleres.
- b) Reclamou ao Estado unha educación igualitaria e gratuíta para mulleres e homes.
- c) O control da natalidade e do uso libre de anticonceptivos.

10. Havelok Ellis representa a principal figura na aparición do carácter sexual moderno e:

- a) Defende que a sexualidade non era unha ameaza moral nin un desperdicio de enerxías vitais.
- b) Normaliza a abordaxe da sexualidade.
- c) Ambas opcións son correctas.

- 11. Cal é o posicionamento de Havelok Ellis en relación a masturbación?**
- a) Como unha patoloxía.
 - b) Defendía os beneficios da masturbación.
 - c) Non se centrou no estudo da masturbación.
- 12. Cales son as fases da resposta sexual humana segundo Havelok Ellis?**
- a) Tumescencia e detumescencia.
 - b) Excitación, meseta, orgasmo e resolución.
 - c) Meseta, orgasmo e resolución.
- 13. Segundo Magnus Hirschfeld, en que niveis se forman os estados sexuais?**
- a) Xenital e somático.
 - b) Xenital, somático, psíquico e impulso sexual.
 - c) Somático e psíquicosexual.
- 14. Cales son as principais achegas de Freud ao estudo científico da sexualidade humana?**
- a) A existencia da sexualidade dende o mesmo momento do nacemento e o carácter construído da sexualidade.
 - b) A separación da fronteira entre sexualidade normal e anormal e a visualización dos abusos sexuais a menores no núcleo familiar.
 - c) Ambas opcións son correctas.
- 15. Que entende Sigmund Freud por sexualidade infantil «polimórfica»?**
- a) Sexualidade perversa
 - b) Que o corpo do menor inicialmente ten capacidade eróxena para posteriormente reorientalo cara ás zonas eróxenas.
 - c) Que na nenez están presentes tódalas posibilidades de perversión que os adultos poderían desenvolver.
- 16. Cales foron as achegas de Hildegarth ao estudo da sexualidade na primeira metade do século XX en España?**
- a) A visualización da muller no estudo científico da sexualidade.

- b) Defender o carácter sexuado da muller, o seu dereito a maternidade consciente e a súa «fame sexual».
- c) Ambas opcións son correctas.

17. Que concepción tiña Iwan Bloch sobre a masturbación?

- a) Como unha patoloxía.
- b) Como un recurso natural contra o insomnio e como sedativo para o sistema nervioso.
- c) Non a consideraba importante.

18. Cal é a finalidade do movemento euxenésico?

- a) Mellorar as calidades das seguintes xeracións humanas a través da selección durante o proceso produtivo.
- b) Xustifica a planificación familiar para que as persoas estean libres de «taras» físicas ou psíquicas.
- c) Ambas opcións son correctas.

19. Cal era a concepción de Wilhem Reich sobre a homosexualidade?

- a) Considerábaa como resultado dunha libido frustrada que desaparecía coa liberación progresiva da sexualidade.
- b) Aceptábaa e considerábaa como unha expresión sexual máis.
- c) Loitou pola igualdade de dereitos das persoas homosexuais.

20. En Gran Bretaña, o 18 de novembro de 1910 fronte ao Parlamento, máis de 150 mulleres sufragistas foron detidas e posteriormente denunciaron agresións sexuais e tratos vexatorios. Como é coñecido ese día?

- a) Venres negro.
- b) Venres trágico.
- c) Non significou nada para a sociedade.

21. Que elementos son a clave para que a sexoloxía puidera convertese nunha ciencia independente?

- a) Un obxecto de estudo propio.
- b) Unha metodoloxía específica.
- c) Ambas opcións son correctas.

- 22. Clara Campoamor en calidade de deputada e membro do Partido Radical, que argumentos defendeu nas Cortes Constituíntes?**
- a) Un tratamento legal igualitario para mulleres e homes.
 - b) O sufraxio universal.
 - c) Ambas opcións son correctas.
- 23. Alfred Kinsey crea unha escala do índice heterosexual-homosexual, e considera que**
- a) As persoas soamente podemos ser heterosexuais ou homosexuais.
 - b) A idea de que non existen persoas homosexuais senón condutas homosexuais.
 - c) A homosexualidade é unha enfermidade.
- 24. Cales son, segundo Landarroitajuregi (2009), as falacias «ad hominem» contra Kinsey?**
- a) O indocumentado e o revolucionario.
 - b) O pornógrafo e o filopederasta.
 - c) Ambas opcións son correctas.
- 25. Por que durante a ditadura franquista se perseguíu ás persoas homosexuais?**
- a) Internábanse en centros de saúde mental porque se consideraban persoas enfermas.
 - b) Por considerar as súas prácticas contrarias á «lei natural» e aos bos costumes.
 - c) Ambas opcións son correctas.
- 26. Quen foron os primeiros sexólogos que priorizaron o estudo da sexualidade da muller fronte á do home?**
- a) Harry Hay.
 - b) Alfred Kinsey.
 - c) William Master e Virginia Johnson.

27. En que ano se promulga en España a Lei sobre os Dereitos Políticos, Profesionais e Laborais das mulleres?

- a) 1942
- b) 1961
- c) 1974

28. Por que se caracteriza o movemento feminista da «segunda onda»?

- a) Forte sentimento de colectividade e identidade de grupo.
- b) Accións individuais.
- c) Non tivo ningunha forza.

29. Que cualificativos definían a muller durante o Réxime Franquista?

- a) Sacrificada, obediente, submisa ao varón, reprodutora de roles máis tradicionais e católica.
- b) Loitadora, reivindicativa, valente e feminista.
- c) Ningunha das opcións anteriores.

30. Cal foi a finalidade que perseguía o movemento homófilo?

- a) Cambiar a imaxe negativa do homosexual promiscuo e conseguir a súa aceptación na sociedade.
- b) Ir en contra da difusión do coñecemento científico sobre a homosexualidade.
- c) Lograr a penalización das condutas homosexuais.

Solucións

1-a; 2-a; 3-a; 4-b; 5-c; 6-c; 7-b; 8-a; 9-c; 10-c; 11-b; 12-a; 13-b; 14-c; 15-b; 16-c; 17-b; 18-c 19-a y 20-a; 21-c; 22-c; 23-b; 24-b; 25-b; 26-c; 27-b; 28-a; 29-a; e 30-a.

1.3. ACTIVIDADES

1. Elizabeth Cady Stanton e Lucrecia Coffin Mott son dúas mulleres feministas que desempeñaron un rol significativo na reivindicación dos dereitos das mulleres. Investiga as súas traxectorias. Para iso podes consultar o apartado 1.1.2. do capítulo 1 do libro de *Sexualidade e Saúde*, así como as seguintes páxinas de internet: www.clio.rediris.es/uididactica; e www.creatividadfemnista.org. A continuación responde as seguintes cuestións:

- En que marco sociopolítico e económico se sitúan?
- A que movemento feminista pertencen?
- Cales foron as súas obras máis relevantes?
- Cal era o seu pensamento base?
- Que tiñan en común Cady Stanton e Lucrecia Mott?
- Onde coincidiron e traballaron xuntas?

2. A Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán foi aprobada pola Asemblea Nacional francesa en agosto de 1789 e a *Declaración dos dereitos da Muller e a Cidadá*, publicada por Olimpia de Gouges, en 1791. En que principios coinciden? Podes consultalos no apartado 1.1.2. do capítulo 1 do libro de *Sexualidade e Saúde*.

Os representantes do pobo francés, constituídos en Asemblea Nacional, considerando que a ignorancia, o esquecemento ou o desprezo dos dereitos do home son as únicas causas dos males públicos e da corrupción dos gobernos (...) recoñecen e declaran (...) os seguintes dereitos do home e do cidadán. As nais, as fillas e as irmás, representantes da nación, piden ser constituídas en Asemblea Nacional. Considerando que a ignorancia, o esquecemento ou o desprezo dos dereitos da muller son as únicas causas das desgrazas públicas e da corrupción dos gobernos, resolveron expoñer nunha solemne declaración aos dereitos naturais, inalienables e sagrados da muller (...)

A liberdade guiando ao pobo. Eugene Delacroix

A continuación reflexiona sobre as seguintes cuestións. Podes consultar as páxinas de internet: www.escriptorasypensadoras.com; www.ccgediciones.com; e, www.helsinki.fi/science/xantippa/wes.

- Que dereitos e principios reivindicaba Olimpia de Gouges?
- Por que foi o seu encarceramento e posteriormente a súa execución?
- Que principios incorpora o Código Civil Napoleónico (1804)?
- Que rol se lle asignaba á muller no Código Civil Napoleónico?

3. Indaga sobre a evolución da «familia» dende a Revolución Francesa ata a actualidade, é dicir, como foi evolucionando os roles da familia nuclear nais/pais-filas/fillos, dentro das que ao pai se lle atribúe «ganñar diñeiro» e a nai os «labores do fogar». Podes consultar o apartado 1.1.2. do capítulo 1 do libro de *Sexualidade e Saúde*.
4. A relixión influíu na historia da sexualidade, xa que impoñía as normas que regulaban a conduta sexual da época. Busca no Antigo Testamento as seguintes referencias e analiza se a súa ideoloxía aínda sobrevive na actualidade.

Éxodo (XX, 14)
Levítico (XVII, 20)
Levítico (XVIII, 22)
Levítico (XVIII, 6)
Levítico (XVIII, 7)
Corintios (I, 1-5)

5. En 1896 nace, da man de Sigmund Freud, a Psicanálise, constituída sobre dous conceptos básicos que debes identificar. A súa obra achegou ao estudo da sexualidade humana cuestións moi relevantes, identifícaas. A continuación completa o seguinte cadro. Podes con-